



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Seminario de literatura galega ata 1900

Materia	Seminario de literatura galega ata 1900			
Código	V01G160V01507			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Angueira Vitorro, Anxo			
Profesorado	Angueira Vitorro, Anxo			
Correo-e	angueira@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Visión sistémica do denominado Rexurdimento da Literatura Galega.			

## Competencias de titulación

Código	
A3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
A7	Participar en debates e actividades de grupo, e organizalos desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico con respecto ás posicións alleas e á tolerancia cara á diversidade social e cultural que se expresa nas linguas e literaturas en cuestión.
A8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
A9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
A11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
A12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
B1	Que o estudantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
B2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
B4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

## Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Desenvolver unha visión interrelacionada do repertorio literario do período histórico do Rexurdimento.	A3 A7 A8 A9 A11 A12	B2 B3 B5
Ampliar a relación entre o campo literario e o político na xénese da Literatura Galega Contemporánea.	A3 A7 A8 A11	B3 B4
Fomentar a capacidade crítica con todo tipo de textos e xéneros do Rexurdimento independentemente da súa natureza.	A3 A6 A8 A11	B1 B3 B4
Capacitar o alumnado para a aplicación da análise histórica das principais figuras literarias deste período.	A3 A6 A8 A11	B2 B3 B5
Valorar as contribucións da literatura neste período ó proceso de dignificación de Galicia	A8 A11	B1 B2 B3
Desenvolver unha visión interrelacionada do conxunto lingüístico peninsular.	A3 A8 A11	B2

### Contidos

Tema	
1. Da Literatura Medieval á Contemporánea.	Explicación histórica dos Séculos Escuros. Principais textos literarios deste período.
2. Para unha nova periodización do Rexurdimento: Sarmiento e o seu Coloquio	Frei Martín Sarmiento no contexto da Ilustración. Análise do Coloquio. O Coloquio como fonte e primeiro texto contemporáneo.
3. A Literatura galega ata 1863.	A sociedade galega na primeira metade do XIX Os textos dialóxicos. A primeira xeración provincialista: Añón, Pintos e Fernández Morales.
4. A xeración de "Los precursores".	O Banquete de Conxo e os novos horizontes políticos. O concepto de "precursores". O papel central de Murguía.
5. Rosalía de Castro.	Cantares gallegos como principio e fin: unha nova lectura. Follas novas: a revolución da nova escrita.
6. Eduardo Pondal.	Queixumes: poesía e imaxinario nacional. Poemas dispersos. Os Eoas.
7. Curros Enríquez.	Política e sociedade en Aires da miña terra. O divino sainete como primeira obra especular do sistema literario galego.
8. Prosa e teatro no XIX.	Contos e novelas. Da Maxina á novela histórica. O xornalismo. Teatro: De A casamenteira a A fonte do xuramento.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	34	0	34
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	26	29
Traballos de aula	13	72	85
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	O desenvolvemento da aula farase a partir de explicacións sobre cada tema nas que se vaian introducindo tamén os textos pertinentes.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Será necesario ás veces ler e comentar previa ou posteriormente para completar as explicacións da aula.

Traballos de aula Na aula faremos lecturas e comentarios dos textos máis salientables, dedicándolle a última parte de cada unha das sesións, que o alumnado deberá completar con outras lecturas e comentarios suxeridos.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	O discente recibirá as explicacións e indicacións oportunas para un seguimento correcto da materia e para satisfacer todo tipo de inquiredanzas sobre o temario.
Traballos de aula	O discente recibirá as explicacións e indicacións oportunas para un seguimento correcto da materia e para satisfacer todo tipo de inquiredanzas sobre o temario.
Probas	Descrición
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	O discente recibirá as explicacións e indicacións oportunas para un seguimento correcto da materia e para satisfacer todo tipo de inquiredanzas sobre o temario.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Os contidos desenvolvidos ó longo do cuadrimestre avaliaranse mediante cuestións propostas por escrito ó final de cada dous temas	20
Traballos de aula	As lecturas e comentarios realizados na aula, así como todas as lecturas que se vaian propondo, serán obxecto de avaliación.	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	As competencias adquiridas na materia serán avaliadas no seu conxunto cunha proba escrita que inclúa o comentario de textos.	60

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Os discentes teñen que elixir ó comezo do curso entre un sistema de avaliación continua ou de avaliación única.

A porcentaxe de presencialidade obrigatoria na avaliación continua é do 80%.

A avaliación única para os discentes que así o elixan ou para os que incumpran as condicións esixidas para a avaliación continua consistirá nun exame (70%), que se realizará na última semana do curso, e nun traballo (30%).

Na avaliación de xullo tódolos discentes deberán facer o exame na data oficial proposta pola facultade e entregar o traballo.

### Bibliografía. Fontes de información

Carballo Calero, Ricardo, **Historia da Literatura Galega Contemporánea**, Vigo, Galaxia,

Figueroa, Antón, **Nación, literatura, identidade**, Vigo, Xerais,

VV.AA., **Historia da Literatura Galega**, Vigo, A Nosa Terra, Vol 1,

VV.AA., **Galicia. Literatura**, Coruña, Hércules, Vol 31,

### Recomendacións

#### Outros comentarios

Para o seguimento da materia é necesaria a lectura dos textos que se vaian propondo.